

## CALRE

### **Conferencia das Asembleas Lexislativas Rexionais de Europa Nota explicativa**

A CALRE reúne a setenta e catro presidentes das asembleas lexislativas rexionais europeas: os parlamentos das comunidades españolas, as rexións italianas, os estados federados alemáns e austríacos, as rexións portuguesas de Azores e de Madeira, Escocia e Irlanda do Norte no Reino Unido, Åland en Finlandia e as comunidades e rexións de Bélxica.

Despois de anos de encontros bilaterais e multilaterais, a CALRE fundouse mediante un acto asinado o 7 de outubro de 1997 en **Oviedo**, en España, que recordaba tres precedentes no esforzo por dar un lugar e un papel europeo ós parlamentos rexionais:

1. A Declaración da Asemblea das Rexións de Europa (Basilea, 1996), no apartado 12.1 propuña mecanismos de contacto entre o Parlamento Europeo e os Parlamentos rexionais, tendo en conta o feito de que son institucións que representan a vontade directa dos cidadáns.
2. As teses de Stuttgart, desenvolvidas en maio de 1997 nunha Conferencia internacional organizada polo Landtag de Baden-Württemberg en colaboración co Centro Europeo de investigación sobre o Federalismo de Tübingen, sobre o papel dos Parlamentos rexionais da Unión Europea no marco da política europea.
3. A Declaración firmada por Alemaña, Austria e Bélxica, en outubro de 1997, que se refería a unha das teses de Stuttgart sobre o principio de subsidiariedade establecido polo Tratado de Maastricht. Esta declaración predicaba a extensión deste principio non só á relación entre a Unión e os Estados membros senón tamén os Länder e as Rexións tendo en conta que estes teñen atribuído un poder lexislativo asignado pola Constitución nacional.

A segunda Conferencia, que tivo lugar en **Salzburgo** (6-8 de outubro de 1998), referíase á aplicación do principio de subsidiariedade. A Declaración propuña:

1. A posibilidade de que as Rexións podan defender directamente seu poder lexislativo ante o Tribunal de xustiza.
2. A redacción dunha lista clara das competencias das Rexións, que debería incluírse nos Tratados da Unión Europea.
3. O fortalecemento da colaboración entre o Parlamento Europeo e os Parlamentos rexionais, sen reduci-las competencias do Comité das Rexións.

Na súa terceira sesión, en **Florenxia** (17-18 de maio de 1999), a CALRE concentrou a súa atención sobre os seguintes puntos:

1. A importancia das relacións entre os Länder e as Rexións con poder lexislativo para difundir o sentimento de cidadanía europea. Co este obxectivo, previuse instituír en tódolos Parlamentos rexionais unha

- comisión para as cuestións europeas, así como o lanzamento dunha serie de iniciativas de información e intercambio.
2. O recoñecemento oficial das relacións entre as Asembleas lexislativas e o Parlamento Europeo e a súa inclusión nos textos do Tratado. Ó mesmo tempo solicitouse unha modificación do Regulamento do Parlamento Europeo co fin de permitirla participación dos representantes da CALRE nos traballos da Comisión para as políticas rexionais así como noutras comisións no exame de cuestións que teñan unha importancia rexional.
  3. A participación das Asembleas lexislativas das Rexións na aprobación das declaracións relativas á cohesión social e territorial así como ás relativas á ampliación da Unión.

En **Santiago de Compostela**, o 28 de outubro de 2000, a CALRE concretou a súa actuación en relación coa modificación dos Tratados. A Conferencia procedeu á audiencia dos grandes protagonistas da reforma dos Tratados, estando presentes, para ilustra-la Conferencia Intergubernamental do ano 2000, representantes persoais dos presidentes dos Gobernos dos Estados membros e embaixadores das Representacións permanentes ante a Unión Europea. A CALRE finalmente adoptou unha Resolución sobre a Carta de Dereitos Fundamentais.

A 5ª Conferencia das Asembleas lexislativas rexionais de Europa tivo lugar en **Funchal** (Madeira), do 28 o 30 de outubro de 2001, na que ademais da aprobación dun novo Regulamento que substituíu ó Regulamento moi sumario aprobado en 1999 durante a Conferencia de Florencia, adoptou por unanimidade un documento titulado "Declaración de Madeira", que facía fincapé sobre a necesidade dunha atribución correcta e equilibrada das competencias a nivel europeo, estatal e rexional (en particular, no marco do seguimento do Convenio europeo e a Conferencia Intergubernamental de 2003).

A Conferencia adoptou tamén un documento do Parlamento de Cataluña sobre as relacións entre os parlamentos rexionais e o Parlamento Europeo e coñeceu un informe dos Presidentes dos Parlamentos do Val de Aosta e Irlanda do Norte sobre os parlamentos rexionais na era de Internet. Tamén adoptou unha declaración relativa ó terrorismo.

A 6ª Conferencia das Asembleas lexislativas rexionais de Europa, tivo lugar os días 28 e 29 de outubro de 2002, en **Bruxelas**.

A Conferencia adoptou por unanimidade a chamada "Declaración de Bruxelas", mediante a cal os presidentes destacaron a necesidade de reforzar as relacións da CALRE co Parlamento Europeo e co Comité das Rexións e a vontade de participar e contribuír activamente nos traballos da Convención europea.

A 7ª Conferencia tivo lugar en **Reggio Calabria** os días 27 e 28 de outubro de 2003. Nela, entre outros documentos, adoptouse a "Declaración de Reggio Calabria", na que os presidentes das Asembleas lexislativas rexionais de Europa pronunciáronse sobre os traballos da Convención europea. Facíanse eco tamén, entre outros asuntos, do establecemento de contactos cos presidentes de quenda da Conferencia dos órganos

especializados nos asuntos comunitarios (COSAC) e das relacións co Parlamento Europeo o Comité das Rexións e a Comisión. Como anexos á declaración a CALRE incluíu un documento sobre as estratexias da Conferencia e seu calendario de traballo, a Declaración final da cuarta conferencia de presidentes dos parlamentos das rexións capitais na Unión Europea que se celebrara en Berlín do 23 o 25 de febreiro de 2003, a declaración dos presidentes das Asembleas lexislativas das Rexións Insulares Europeas membros da CALRE, que se reuniron en Cagliari o 2 de maio de 2003, así como un documento sobre os compromisos dos parlamentos rexionais en relación coas novas tecnoloxías da información.

A 8ª sesión plenaria da CALRE celebrouse os días 25 e 26 de outubro de 2004 en **Milán**. A reunión tratou do proxecto de Tratado polo que se establece unha Constitución para Europa e sobre o principio de subsidiariedade; a aplicación dos principios de gobernabilidade e cooperación coa comisión europea mediante o establecemento do chamado "Diálogo Territorial Estruturado"; a cooperación interparlamentaria europea e a COSAC; sobre a representación e a democracia rexional; o federalismo, o rexionalismo e a descentralización e o desexo de reforza-la cooperación coas institucións europeas e nacionais. Todo iso foi recollido na "Declaración de Milán", que incluíu como anexos unha declaración específica sobre o novo Tratado Constitucional e sobre a aplicación do principio de subsidiariedade, outra sobre a ratificación do Tratado constitucional e de apoio á idea europea e, finalmente, un último sobre a cooperación interparlamentaria euromediterránea.

A 9ª Conferencia celebrouse en Barcelona os días 24 e 25 de outubro de 2005. Nesta Conferencia aprobouse a "**Declaración de Cataluña**", na que se recollen cuestións como o recoñecemento comunitario das rexións con poderes lexislativos e dos seus parlamentos. Inclúese a solicitude á Comisión Europea e ó resto das institucións, de medidas necesarias para a posta en práctica de procedementos que permitan a participación dos parlamentos das rexións con poder lexislativo no control do principio de subsidiariedade, no marco da nova realidade da ampliación da Unión Europea e a consecución da Unión Económica e Monetaria. Tamén se fai fincapé no reforzo do proceso de rexionalización e de descentralización mediante un coñecemento de diversas experiencias rexionais e accións de cooperación.

A esta Declaración súmase un anexo sobre as propostas de participación dos parlamentos rexionais no sistema de control dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

No 2006 celebrouse os días 30 e 31 de outubro en Venecia a 10ª Conferencia das Asembleas Lexislativas Europeas. Durante este encontro, cumprido o décimo aniversario da constitución da Conferencia, destácanse na aplicación do principio de subsidiariedade, o novo procedemento posto en marcha pola Comisión e os resultados das probas da Rede de consulta de subsidiariedade levadas a cabo polos Concellos y Gobiernos Locais sen poder lexislativo. Indícase tamén a necesidade de recoñecer, nun protocolo adxunto aos Tratados, o papel constitucional das Rexións con poder lexislativo.

Outras consideracións recollidas na "**Declaración de Venecia**" son a necesidade de cooperación interparlamentaria e a importancia que os Parlamentos Lexislativos da Unión Europea xogan á hora de informar ós cidadáns sobre temas de ampliación e diálogo cos novos Estados membros da Unión. Esta Declaración remata recoñecendo o labor dos grupos de traballo da CALRE, o traballo realizado coas institucións comunitarias e da parabéns ó nacemento do Grupo das Rexións con Poder Lexislativo no Comité das Rexións.

Os días 22 e 23 de outubro do ano 2007 celebrouse en Berlín a 11ª Conferencia de Presidentas e Presidentes das Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas. Nesta reunión foi aprobada a "**Declaración de Berlín**", que marcará as liñas xerais da actividade da CALRE durante o ano 2008.

Durante a reunión de Berlín prestouse unha profunda atención ó Tratado de Reforma da Unión, destacando o avance que supón para as rexións de Europa, a pesares de incidir na necesidade de reforzar a cooperación parlamentaria. Sobre o principio de subsidiariedade, os Presidentes e Presidentas felicítanse polos avances introducidos no novo texto, exceptuando certos criterios levados a cabo pola Comisión na aplicación deste principio. Motivo de preocupación é a política rexional enmarcada na reforma orzamentaria prevista pola Comisión, dada a condición de lexisladores do orzamento das rexións dos mesmos parlamentos rexionais. En último lugar, aprobáronse varias Declaracións anexas no decorrer desta reunión: sobre o cambio climático, Federalismo Fiscal e unha resolución para apoiar unha Carta da Democracia Rexional.

#### **Listado de Declaracións da CALRE:**

- 1997- Declaración de Oviedo- **Constitución da CALRE**
- 1998- Saarländische Landtag – **Declaración de Salzburgo**
- 1999- Consiglio Regionale della Toscana – **Declaración de Florencia**
- 2000- Parlamento de Galicia – **Declaración de Santiago de Compostela**
- 2001- Assembleia Legislativa da Região Autónoma da Madeira – **Declaración de Madeira**
- 2002- Parlement Wallon – Declaración de **Bruxelas**.
- 2003- Consiglio Regionale della Toscana – **Declaración de Reggio Calabria**
- 2004- Consiglio Regionale della Toscana – **Declaración de Milán**
- 2005- Parlament de Catalunya – **Declaración de Barcelona**
- 2006- Consiglio Regionale della Toscana – **Declaración de Venecia**
- 2007- Landtag von Baden-Württemberg – **Declaración de Berlín**
- 2008- Eusko Legebiltzarra /Parlamento Vasco – **Declaración de Vitoria**